

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

**5739** *Real decreto 378/2014, do 30 de maio, polo que se modifica o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro.*

Introdúcense varias modificacións no Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, que se refiren, principalmente, ao peso específico que corresponde ao concurso nos procesos de selección por concurso-oposición e aos requisitos xerais e por razón de idade que deben reunir os aspirantes para participar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación.

Actualmente, no concurso-oposición para o ingreso directo nos centros docentes militares de formación, que permite acceder ás escalas de tropa e mariñeiría, a fase de concurso equivale ao 10% da puntuación final e a fase de oposición (que consiste nunha proba de aptitudes), ao 90% da dita puntuación.

Coa modificación que agora se introduce, aproxímanse os criterios de valoración da incidencia do concurso para os militares de tropa e mariñeiría aos recollidos para o ingreso nos centros docentes militares de formación, para cursar as ensinanzas que permitan a incorporación ás escalas de oficiais e suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, así como ás escalas de oficiais do corpo militar de sanidade, especialidade fundamental de medicina, cando non se exixan requisitos de titulación.

Por outro lado, o artigo 56 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, relativo aos requisitos xerais exixidos para poder participar nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público, prevé no seu número 3 que, ademais dos requisitos relativos á nacionalidade española, á capacidade funcional, á idade e outros que se mencionan no número 1 dese artigo, se poida exixir o cumprimento doutros que garden relación obxectiva e proporcionada coas funcións asumidas e coas tarefas que deben desempeñar, os cales se deberán establecer, en todo caso, de maneira abstracta e xeral.

Resulta aconsellable, daquela, que, conforme o previsto no artigo 5 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, a citada norma do Estatuto básico do empregado público sexa expresamente incorporada, coas debidas adaptacións, ao Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, de modo que nas concretas resolucións de convocatoria dos procesos de selección se poidan establecer requisitos relacionados de forma directa, obxectiva e proporcionada coas características esenciais das Forzas Armadas, exixibles a quen aspira a ingresar nelas.

Noutra orde de cousas, o marco normativo que garante a selección sobre a base dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e a diferente duración das actuais ensinanzas universitarias, aconsellan modificar á alza o requisito específico de idade para poder participar nos procesos de selección. Deste modo asegúrase a igualdade de oportunidades en canto a número de convocatorias a que se poden presentar os posibles aspirantes. Pola súa vez, posibilitase un aumento no número de aspirantes nos procesos de selección, o que redunda no aspecto cualitativo do persoal que se incorpora ás Forzas Armadas.

Introdúcense as seguintes modificacións no artigo 16.1, letras a) e b), do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas: establécense idades máximas diferentes en función da titulación que se posúa para a forma de ingreso directo con exixencia previa de titulación para as escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, redúcese o límite máximo de idade para a forma

de ingreso por promoción sen exigencia previa de titulación para o corpo xeral do Exército do Aire na especialidade fundamental de Voo, especificanse idades máximas diferentes para o ingreso na escala de oficiais do corpo militar de sanidade, sen exigencia de titulación universitaria previa, cando se exijan polo menos 120 ECTS superados do título de graduado en Medicina ou, de ser o caso, 160 créditos do de licenciado en Medicina e, finalmente, inclúese un aumento de idade para facilitar os procesos de promoción dos militares profesionais.

Coa mesma finalidade de facilitar a promoción, inclúese un aumento no número máximo de convocatorias consumidas. Con carácter xeral, o número máximo de convocatorias será de tres, que poderán ser ampliables, con carácter extraordinario, a un máximo de cinco.

Durante a súa tramitación, este proxecto recibiu o informe das asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas. Finalmente, consonte o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, emitiu informe o Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de maio de 2014,

#### DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas.*

Modifícase o Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, no seguinte sentido:

Un. O número 1 da disposición adicional cuarta queda redactado como segue:

«1. De se dispor na convocatoria, poderase acceder tamén por ingreso directo ou por promoción aos centros docentes militares de formación para o acceso á escala de oficiais do corpo militar de sanidade, especialidade fundamental de medicina, cando se teñan superados, polo menos, 120 ECTS do título de graduado en Medicina ou, de ser o caso, 160 créditos do título de licenciado en Medicina.»

Dous. A letra c) do número 1 da disposición transitoria terceira queda redactada como segue:

«c) Límites de idade: non facer nin ter feito no ano que se publique a correspondente convocatoria a idade máxima de 40 anos.»

Tres. O número 3 da disposición transitoria quinta queda sen contido.

**Artigo segundo.** *Modificación do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro.*

Modifícase o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, no seguinte sentido:

Un. O número 6 do artigo 5 queda redactado como segue:

«6. A incidencia do concurso na puntuación final máxima que se poida obter por concurso-oposición non poderá ser superior ao 10 por cento no ingreso directo

nin ao 30 por cento no cambio de escala ou corpo. O indicado non será de aplicación nos procesos de selección seguintes, que se rexerán polo que se dispoña nas normas aplicables a cada un deles:

- a) Ingreso nos centros de formación para incorporarse ás escalas de tropa e mariñeiría, cun límite máximo do 30 por cento.
- b) Ingreso nas ensinanzas de formación de oficiais e suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña.
- c) Ingreso nos centros de formación para incorporarse á escala de oficiais do corpo militar de sanidade, especialidade fundamental de medicina, cando non se exixa requisito de titulación universitaria previa.»

Dous. A letra a) do número 4 do artigo 15 queda redactada como segue:

«a) Non superar o número máximo de tres convocatorias ordinarias e dúas extraordinarias. As convocatorias extraordinarias deberanse cualificar expresamente como tales na solicitude de admisión ao proceso correspondente. Unha convocatoria enténdese consumida cando o aspirante fose incluído na lista de admitidos ás probas. Non obstante, se a incomparecencia obedece a causa de forza maior debidamente xustificada, a motivos de embarazo, parto ou posparto, ou ben a que o militar se encontre participando nunha misión fóra do territorio nacional, resolverase, logo de solicitude e xustificación documental do interesado efectuada antes do inicio da primeira proba, non lle computar a convocatoria como consumida.»

Tres. Engádese un número 5 ao artigo 15 co seguinte contido:

«5. Nas convocatorias poderase exixir o cumprimento doutros requisitos, que se deberán establecer de maneira abstracta e xeral e gardarán unha relación obxectiva e proporcionada coas características e misións esenciais das Forzas Armadas.»

Catro. As letras a) e b) do número 1 do artigo 16 quedan redactadas como segue:

«a) Para incorporarse ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña:

- 1.º Ingreso directo sen exixencia previa de titulación universitaria: 21 anos.
- 2.º Ingreso directo con exixencia previa de titulación universitaria: 26 anos, excepto os que presenten titulacións de grao universitario igual ou superior a 300 ECTS ou titulacións universitarias que figuren na epígrafe 1.A.1.º do anexo II, que se establece en 27 anos.
- 3.º Ingreso por promoción sen exixencia previa de titulación universitaria: 31 anos, excepto para a especialidade fundamental de voo do corpo xeral do Exército do Aire, que se establece en 24 anos.
- 4.º Ingreso por promoción con exixencia previa de titulación de grao universitario ou titulacións universitarias que figuren na epígrafe 1.A.1.º do anexo II: 35 anos.

b) Para incorporarse ás diferentes escalas de oficiais dos corpos de intendencia e de enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, e dos corpos comúns das Forzas Armadas:

- 1.º Ingreso directo sen exixencia previa de titulación universitaria ao corpo militar de sanidade, especialidade fundamental de medicina: 21 anos.
- 2.º Ingreso directo ao corpo militar de sanidade, especialidade fundamental de medicina, con polo menos 120 ECTS superados do título de graduado en Medicina ou, de ser o caso, 160 créditos do de licenciado en Medicina: 25 anos.

3.º Ingreso por promoción sen exigencia previa de titulación universitaria ao corpo militar de sanidade, especialidade fundamental de medicina: 27 anos.

4.º Ingreso por promoción ao corpo militar de sanidade, especialidade fundamental de medicina, con ao menos 120 ECTS superados do título de graduado en Medicina ou, de ser o caso, 160 créditos do de licenciado en Medicina: 27 anos.

5.º Ingreso directo con exigencia previa de titulación de grao universitario ou titulacións que figuren nas epígrafes 1.A.2.º, 1.A.3.º e 1.B do anexo II: 31 anos, excepto para a especialidade fundamental de medicina do corpo militar de sanidade e para a especialidade fundamental de dirección do corpo de músicas militares, que se establece en 33 anos, ou en 37 no suposto de que se requira estar en posesión dun título de médico especialista.

6.º Ingreso por promoción con exigencia previa de titulación de grao universitario ou titulacións que figuren nas epígrafes 1.A.2.º, 1.A.3.º e 1.B do anexo II: 40 anos.»

**Disposición adicional única.** *Non incremento do gasto público.*

A execución do disposto neste real decreto en ningún caso suporá incrementos nin de dotacións, nin de retribucións, nin doutros custos de persoal, que se cubrirán con cargo aos créditos dos orzamentos ordinarios do Ministerio de Defensa.

**Disposición transitoria primeira.** *Réxime transitorio.*

Os procesos de selección cuxas convocatorias se publicasen con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto rexeranse pola normativa en vigor no momento da publicación da convocatoria.

**Disposición transitoria segunda.** *Incidencia da fase de concurso nos procesos de selección para ingreso nos centros docentes de formación para incorporarse ás escalas de tropa e mariñeiría.*

Mentres non se aprobe a normativa que regule o proceso de selección para o ingreso nos centros docentes de formación para incorporarse ás escalas de tropa e mariñeiría, conforme o disposto no artigo 5.6 do regulamento que se modifica no artigo segundo, a incidencia do concurso na puntuación final máxima que se poida obter por concurso-oposición non poderá ser superior ao 30 por cento.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de maio de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Defensa,  
PEDRO MORENÉS EULATE